



## **“Para dar cun relato da emigración, hai que loitar contra o esquecemento, contra a amnesia inducida e sen mitificar nada”**

[Alberto Ramos](#) 21 de xuño de 2019

<https://praza.gal/cultura/para-dar-cun-relato-da-emigracion-hai-que-loitar-contr-o-esquecemento-contr-a-amnesia-inducida-e-sen-mitificar-nada>

Cando marchou de Cuba aos 14 anos, María Xosé Porteiro (Madrid, 1952) deixaba atrás dez anos de vida e unha infancia enteira. No regreso, entre o pouco que trouxo, atopábase unha caixiña de madeira de sándalo. Malia o seu pequeno tamaño, no seu interior collía un universo enteiro e historias de emancipacións, de identidade, de emigración. E non pouca memoria. Agora, en pleno 2019, Porteiro abre a caixiña a través da ficción na súa segunda novela, editada por Galaxia: *Sándalo*. Na obra, a autora ofrécenos un ceo aberto de nomes, de historia con maiúsculas, de historias da historia e de sagas familiares en construción; todo corcosido por riba do Atlántico e unindo dous extremos. A un lado, Galicia. Noutro, Cuba. Así, percorre preto de dous séculos de historia creando un mosaico necesario para comprender a relación entre estes dous países e todos os seus vencellos.

**En *Sándalo*, percorre dous séculos de historia con maiúsculas, mais tamén de historias da historia e historias de construcións familiares. Eses son os fíos, pero a agulla que parece mover o tecido é a emancipación dende todos os prismas posibles: a emancipación da escravitude, a emancipación do imperialismo primeiro e do neoimperialismo despois, a emancipación individual na emigración...**

O libro recolle o que parecen moitas tramas inconexas, pero que están corcosidas por ese fío da emancipación. E alégrome de que se perciba. Ao longo do século XIX, inténtanse poñer en práctica os ideais transformadores da Revolución Francesa. Esa é a clave dos movementos de emancipación das colonias do imperio español, pero tamén das colonias francesas como Haití que, pouco antes de que se vivise a revolución en Cuba, fixera a súa propia translación da Revolución Francesa que acabou nun baño de sangue, tal e como narra Alejo Carpentier en *El reino de este mundo*. A verdadeira historia de América Latina comeza nesta etapa e Cuba foi realmente o último dos lugares importantes -importantes pola súa situación xeográfica e de posición no mundo- que vive este proceso no que a sociedade busca liberarse dunha monarquía

caduca como foi a de Fernando VII e todas as súas secuelas. E hai un vínculo histórico entre esa realidade e Galicia, non só pola emigración, senón porque en Galicia se viven os tempos do Rexurdimento. Un Rexurdimento que, en demasiadas ocasións, nos queren contar como unha corrente cultural e non como o que era: unha ideoloxía política. E que queres? Con todos estes fíos, xorde *Sándalo*.

**Precisamente, un dos fíos técese ao redor da emigración dos galegos e das galegas a Cuba. Retrátase na novela a diáspora e tamén os xeitos de construír unha comunidade forte no exterior: a creación de institucións como o Centro Galego, Hijas de Galicia, a presentación do himno e do escudo en Cuba... Achégase así un certo retrato que dá a impresión do moito que fomos fóra en contraposición do que puidemos ser dentro, non?**

O concepto da emigración tal e como o concibimos agora, loxicamente, non estaba presente na xente que marchou na procura dun futuro. De feito, hoxe por hoxe fálase máis ben de transmigracións, como a terrible que está a vivir agora mesmo o pobo sirio, procurando acollida en Europa, ou as que durante tanto tempo viviron pobos como o xudeu ou o irlandés, que teñen moi ben documentado e interiorizado o significado da emigración non só a través do estudo histórico, senón tamén grazas á literatura ou ao cine. Eles teñen un certo relato ao respecto.

En Galicia, nós fomos máis dados a saltar fronteiras por mor dun punto de vista xeográfico, xeolóxico ou mesmo orográfico ao estarmos no extremo máis occidental de Europa. En certo xeito, estabamos abocados a tirarnos ao mar se queriamos saír. E saíamos dun lugar cunhas características sociolóxicas e internas que ían da opresión eclesiástica á propiedade da terra. Todas esas cuestións facían de Galicia un lugar onde todo podía ter sido diferente se non tivéssemos esa opresión dupla : a política e a relixiosa. Aquí, en definitiva, pasaban cousas que nos impedían avanzar e parecía que había unha posibilidade de comezar noutro lugar do mundo que estaba a vivir a súa propia batalla por seren libres e onde nós fomos buscar á nosa solución.

Pero parece que falamos da emigración como algo do pasado, pero temos que ter en conta dúas cuestións. Primeiro, que ese impulso de buscar a vida fóra é parte substancial do xénero humano. E segundo, que agora mesmo hai medio millón de persoas coa nacionalidade galega espalladas polo mundo. Tendo en conta que somos 2,7 millóns de persoas, pois non podemos falar destes fenómenos da nosa emigración como algo do pasado. En todo caso, e volvendo a *Sándalo*, vemos que contando historias individuais como as que se recollen na novela podemos facer un mosaico e analizar como conxunto a nosa historia sociopolítica. Decatámonos así de que a nosa é unha historia equiparable á de países que xa eran estados cando a súa poboación saía de forma masiva como son os casos de Irlanda ou de Italia. O noso caso é particular: nós somos parte dun estado. Aínda así, tivemos tanta presenza que o noso xentilicio case que é o único no mundo que identifica o todo pola parte.

**En contraposición, por exemplo, ao caso irlandés, fáltranos máis máis literatura, máis cine, máis relato?**

Hai que ficcionar. A historia xa está nos libros de historia, mais iso acaba por non chegarlle á maioría. Por outra banda, na historia hai un interese subordinado ao poder dominante do ciclo histórico de cada momento. Por iso, os relatos familiares dos que se nutre a literatura irlandesa ou o cine americano constrúen o relato que se estende verdadeiramente. A historia acaba por construírse cos relatos individuais, son a antesala do grande mosaico. É dicir, contan o grande dende o pequeno. E para dar cun relato da emigración, dende logo, hai que loitar contra o esquecemento, contra a amnesia inducida e sen mitificar nada.

**En *Sándalo*, amósase unha realidade agochada ao respecto da diferenza entre a emigración dos galegos e a emigración das galegas. Reflictese -a través da historia de Rosario- como moitas galegas, ao chegaren a América, foron explotadas, foron obrigadas á prostitución polos seus propios paisanos. Ademais, tamén se amosa como a comunidade creada no exterior acubillaba os varóns, pero deixaba á marxe as mulleres.**

As mulleres non foron discriminadas por seren emigrantes ou por marcharen a Cuba, xa o eran aquí tamén. Rosalía falaba de viúvas de vivos e mortos. E de que falaba realmente? De familias monoparentais. Falaba das mulleres e dese suposto matriarcado que, precisamente, este mesmo mes foi cuestionado nunha sesión do Consello da Cultura Galega por diversas antropólogas. Ese matriarcado mitificado é un concepto creado por un nacionalismo idealista que nos induce a pensar que había unha especie de superioridade na condición feminina desas mulleres que sacaban adiante a familias enteiras nunhas condicións pésimas. Facíano soas porque os homes estaban fóra, no mar, na emigración ou mortos. A muller quedaba á cabeza, pero nunca porque tivese un poder lexítimo ou recoñecido. Era, como moito, un poder delegado e daquela maneira. Iso pasaba acó e non deixa de ser unha afronta do recordo.

E tamén había unha venda da muller a través do matrimonio e do dote. Na emigración, vendeuse doutra maneira máis salvaxe, de forma impune, invisible. Falamos de que as mulleres que emigraban só representaban un 15%, de aí esa invisibilidade. En realidade, o patriarcado non entende de fronteiras nin de emigracións. Eu poño en *Sándalo* o foco neste parte da nosa historia migratoria porque a min me amola moitísimo por estar na escuridade. E é algo xeral, pasoulles ás galegas, pero pasoulles tamén ás polacas, ás irlandesas, ás italianas. E segue a pasar hoxe. Porque ese tipo de explotación sexual é unha fórmula que ten o patriarcado establecido para que a muller saia por si soa dunha situación de dominio total.

**No caso de Cuba, tal e como recolle na novela, xorde unha institución, Hijas de Galicia, que está creada e dirixida por mulleres para atender a emigrantes galegas desprotexidas que sufrían a explotación sexual.**

Hijas de Galicia é un caso único realmente. Polo menos, é o único caso que eu coñezo dunha asociación que xorde na emigración e que ten como obxectivo a axuda mutua e benéfica, que está creada por mulleres emigrantes e que ademais a súa fundación está vinculada a situación da prostitución. Pero ten un porqué, hai unha circunstancia que fai entender a súa aparición. Neste caso, é unha muller. É que sempre hai un factor de persoas únicas que co seu esforzo fan mover unha pequena peza que despois move o mundo enteiro. É o caso de Andrea López Chao, profesora mindoniense que por oposición conseguiu a praza de dirección do Plantel Concepción Arenal, que era o cadro de ensino do Centro Galego. Nos anos vinte, cando ela era xa directora, houbo unha chegada masiva de mulleres novas reclamadas por persoas da súa vila ou da súa familia para exercer de amas de cría ou traballadoras do ámbito doméstico. Estas mulleres non sabían a onde ían. Eran case sempre mulleres analfabetas que non saían da súa contorna, que tiñan que se fiar de alguén que as reclamaba e que as ía recoller no peirao. Con esas incertezas, cruzaban o Atlántico sen saber o que podería pasar. Podía pasar calquera cousa. E, de feito, pasaba calquera cousa. Entón, Andrea López Chao comeza a observar que había un incremento notable de mulleres no cárcere porque mataban a un cliente -por chamalos dalgún xeito- ou por exercer a prostitución en lugares públicos. Ao tempo, esta directora acode con frecuencia a congresos feministas que se celebran na Habana, que naquela altura vivía un movemento feminista importante. Neses congresos, tratábanse temas como o das mulleres emigrantes coas que se traficaba. É dicir, falábase de nós, as galegas. Así xorde esa asociación que, malia ser

creada por e para mulleres, tiña a obriga legal de que a súa xunta directiva estivese formada maioritariamente por homes.

**Falemos de memoria, que hai moito dela nesta *Sándalo*. Nunha entrevista na Cadena Ser, comentaba vostede que “somos o que lembramos”. E quería preguntarlle como lembra a súa estadía en Cuba? Refírome a eses dez anos, dos catro a catorce, nos que viviu en Cuba. E como foi regresar a Cuba xa de adulta?**

No meu caso, hai unha circunstancia peculiar que recreo no personaxe de Quina. Imos ver... Decía Rilke que a infancia das persoas é a súa patria. A nosa patria é a nenez. Partindo diso, se tiveches unha infancia que quedou encapsulada no tempo e que só está presente na túa lembranza porque te trasladaron a outro lado do mundo sen posibilidade de ter contacto con nada do anterior, nin coas túas amizades da infancia, nin coa túa familia, nin sequera cunha forma de falar... É dicir, sen contacto con nada do que coñeciches, máis aló do teu pai e da túa nai... Pois, a verdade, estás nunha situación ben difícil.

Pensa que eu cando volví a España, Cuba era un país maldito. Aquí, falar de Cuba -malia que Franco xamais aceptou o bloqueo e os dous réximes recoñecíanse mutuamente- era falar do diaño: que se a revolución, que se o comunismo... E eu cheguei acó sendo una nena que vivía sen prexuízo ningún, que vivira nun país que era marabilloso. E ao chegar, tiven que deixar de falar como se fala en Cuba e falar cun acento de Valladolid. Volví aprender a falar dun xeito diferente tan só para evitar unha pregunta: e ti de onde es? Esa era unha batalla permanente entre o que eu coñecera e o que aquí me dicían. En realidade, tiven que metelo todo nun caixón e adaptarme a situación.

Que memoria tiña daquela? Unha memoria inventada. Porque ao final, para min, a memoria do que eu fora en Cuba, da miña infancia, foi atopar nunha librería *Tres tristes tigres*, de Cabrera Infante. Unha novela que se publicara dous anos despois de chegar eu aquí. Ese libro converteuse na miña guía espiritual. Lía ese libro e atopaba a lingua de Cuba, as rúas nas que unha vez vivira, as historias que acontecían xusto antes de marchar... Era un pé na terra, o único que tiña, xa que aquí non se falaba nada de Cuba. En certo xeito, tiven que inventar a miña infancia e reconstruíla cada noite: soñando. Soñaba todos os días que volvía a Cuba, que seguía existindo en Cuba dalgunha maneira. E realmente só souben que todo iso era verdade cando volví 25 anos despois.

Por iso digo que é un caso particular. Non todo o mundo ten ese problema coa súa infancia. Terá outros, pero non este. Pero en todo caso, a verdade é que a memoria sempre ten moito de inventada.

**Din que a memoria funciona dun xeito singular. Nunca lembramos as cousas tal e como foron, senón que lembramos as cousas como a última vez que as lembramos. No proceso, detúrpase, pérdense elementos, engádense outros... A memoria ten moito de celada. E supoño que para as persoas migrantes, nos retornos é no momento en que son máis conscientes desa forma de actuar da memoria.**

Si, pero eu cando fun para a Cuba era moi pequena. Non tiña constancia de nada. Cando noto o desterro é na adolescencia, cando volvo a España. Sen querer facer un drama disto, eu tiven que reconstruírme. O desarraigo é brutal. E se pensamos nun neno sirio... iso é a morte en vida. E despois, se hai algo de sorte, un renacer forzado.

**De *Sándalo* non podemos dicir que sexa unha novela histórica, pero ten moito de historia. E moito de documentación. Como foi o proceso de documentarse para a súa escrita?**

Como podes imaxinar, nesta etapa que vimos de falar e na que eu quería entender de onde viña, eu mercaba calquera libro que falase de Cuba. Non sei cantos títulos podo ter na casa que falen sobre Cuba, pero son moitísimos. Non todos os estudei con lupa, pero de case todos tirei algún elemento ou algunha historia que eu vivira dalgunha maneira estando alá ou que eu estudara sendo nena. Por exemplo, *O grito de Yara*, que é o inicio da primeira guerra independentista de Cuba encabezado por Céspedes e que se recolle en *Sándalo*. Ese é un episodio histórico que eu coñezo polos estudos na escola, do mesmo xeito que acó alguén pode ter moi presente en España pois, non sei, o Descubrimento de América. Tamén me identifico moito con José Martí. Para min, polo que estudei en Cuba, o pensamento de Martí, a súa poesía e a súa figura histórica resúltanme moi familiares. Para mi, é doado falar de Martí e de moitas cousas da historia de Cuba que se reflicten no libro. Pero para esta novela quixen estudar e investigar máis un aspecto concreto: a relación e influencia da masonería nos movementos de independencia. Unha influencia que tiña a súa pegada nos grandes líderes de alá, pero tamén de acá. Esa influencia foi un descubrimento recente e un aliciente importante para escribir *Sándalo*. Os ideais de liberdade e emancipación, eses dos que falamos ao comezo, aparecían e identificaban entre si aos ilustrados galegos e aos cubanos. Dalgún xeito, conformaban unha irmandade ideoloxizada pola masonería. Aí houbo un labor grande de documentación.

**“Non hai frase máis estúpida nin redundante que a seguinte: Baseado en feitos reais”. Non sei quen dixo isto, pero é unha forma clara de vincular sen escapatoria toda creación literaria coa realidade. E ademais permíteme achegarme a unha pregunta que seguramente xa lle fixeron máis dunha vez: Canto de María Xosé Porteiro hai en *Sándalo*?**

Eu estiven a piques de contestar que nada de nada, porque cadaquén pode construír o seu propio mito en liberdade. Pero claro, a min matoume a lingua. Levo tantos e tantos anos falando de Cuba, que sería difícil negalo. Sería moi difícil eludir a verdade, pero só direi que hai partes que asumo, pero outras non. E a verdade, o curioso é que moitos pensarán que o máis inverosímil responde á ficción, mentres que o máis crible é o que forma parte da realidade. E case sempre é o revés, aínda que non vou especificar que feitos entran en cada categoría. Agora ben, como eu son xornalista, eu non desprezo a realidade. A realidade é o máis fantástico. A diferenza está en como a contamos. Iso é o que pode darlle o toque máis fantástico ou ilusionante a unha narración. Pero reivindico a realidade como fonte de creación literaria e de inspiración.

**Se falamos da historia dos países de América Latina nos dous últimos séculos, falamos dun conxunto de historias de emancipacións. Malia todo, parece que nunca se alcanzou unha emancipación verdadeira. Sei que é unha pregunta moi absoluta e contundente, pero por que non se deron fraguado unha estabilidade real e unha liberdade verdadeira?**

É unha pregunta central e eu recorro a un refrán de Mali que di que para construír unha casa nova tes primeiro que derrubar a casa vella, pero facelo con novas ferramentas. É dicir, cómpre construír unhas ferramentas novas para construír un novo espazo. Son os crioulos, os conquistadores de segunda ou terceira xeración, os que buscaron crear sociedades novas, pero finalmente replicaron as sociedades anteriores. Non inventan nada. Os modelos de construción social dos novos estados son froitos da cultura que herdán. Realmente só se produciu un cambio de detentores do poder. Por outra banda, o que pasa cos pobos orixinarios é algo denigrante, algo que avergoña. Cando se di que o 12 de outubro non hai nada que celebrar, estou totalmente

de acordo. E debemos preguntarnos por que a esquerda americana pon só o foco no colonialismo español e non se reclama para si propia unha mirada inclusiva e liberadora dos pobos orixinarios. Non miran para dentro da casa. Manteñen unha mirada colonial interior dos pobos orixinarios, pobos que lles son de segunda categoría. O que fan, en realidade, é replicar unha conduta de imposición. Teñen uns modelos de liberación que, no fondo, teñen os mesmos mecanismos de opresión dos que se querían liberar. Descolonizarte e seguir reproducindo os esquemas dos colonizadores... pois chega até onde chega.